



www.oqueleo.com

© Do texto: 2026, Paula Carballeira

© Desta edición:

2026, Sanoma Educación, S. L. U. e Edicións Obradoiro, S. L.

Oqueleo é unha marca rexistrada directa ou indirectamente por Grupo Santillana Educación Global, S. L. U., licenciada a Sanoma Educación, S. L. U.

Entreceras, 2 - 15705 Santiago de Compostela

ISBN: 978-84-16834-51-8

Depósito legal: M-2580-2026

Printed in Spain - Impreso en España

Primeira edición: abril de 2026



As materias primas utilizadas na fabricación deste libro son reciclables e cumpren amplamente coa normativa europea de desenvolvemento sostible, economía circular e xestión enerxética.

Queda prohibida a utilización dos contidos desta obra, de calquera forma, ou por calquera proceso, con fins de minaría de texto e datos, aprendizaxe automática, desenvolvemento e/ou adestramento e/ou enriquecemento de intelixencias artificiais de calquera clase.

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser feita coa autorización dos seus titulares, agás as excepcións que establece a lei. Contacte con CEDRO (Centro Español de Dereitos Reprográficos, www.cedro.org) se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.

Arquivo de vozes em casas abandonadas

Paula Carballeira

oqueleg

Tres días sen Navia

Non é moi difícil dar co contrasinal do ordenador da túa irmá maior, e menos se a coñeces abondo como para saber que iría ao fácil: o seu nome coas letras cambiadas, o día no que naceu, o ano no que naceu, o título dunha canción ou a súa cor favorita.

5

Probei primeiro co nome, Navia, de mil maneiras (aivan-viana-ivana-iavan-niava...), con maiúsculas e con minúsculas, despois combinei os números, logo as letras da cor azul, e comecei a desanimarme e a pensar que quizais non estaba ben entrar na súa intimidade virtual, ata que me veu á cabeza no que andaba antes de desaparecer e *psicofonía* foi a combinación gañadora.

Navia gardaba unha chea de segredos, pero rexistrar sons estraños non era un deles. Gustáballe ir ás casas abandonadas e poñerse alí coa

gravadora, na escuridade, mesmo falar soa en voz alta, ou non tan soa como aparentaba estar.

6 En canto puidemos acceder ao ordenador, a policía copiou os seus arquivos e marchou. Sería de grande axuda para a busca. A miña irmá Navia desapareceu hai tres días. Chámanlle «desaparecer», pero iso non é certo de todo. Deixou un rastro: o teléfono, os auriculares, as pegadas no camiño. Quedan tamén as gravacións da súa voz, sobre todo as que fixo nas casas abandonadas.

Que acontece coas voces que ninguén escoita?
Que sentido teñen?

Transcribirei aquí algúns arquivos de son que atopei no disco duro externo, o que non levou a policía. Non me gusta que persoas estrañas escoiten as confidencias da miña irmá, pero eu non son tal. Ao escribir as palabras, se cadra entenderei mellor. Cando les, podes parar nunha palabra o tempo que precisas e intentar descubrir o que agocha. Se só escoitase, a voz de Navia acabaría sendo unha ladaíña que non me deixaría pensar con claridade.

Non querría que a miña irmá se sentise abandonada, coma calquera desas casas nas que agardaba a que caese a noite. A ninguén lle gusta sentirse así.

Gravación de Navia: a casa de Daniela

NAVIA

7

Onde hai unha casa, algo ou alguén vive nela. Na miña experiencia, non sempre son persoas. Desde animais ata espíritos, a miúdo as paredes agochan os seus misterios. Despois están os sons: risas, pasos, laios, berros, rabuñaduras, golpes, bufiñadas, murmurios, suspiros, sopros... Os sons que permanecen aínda que a casa se abandone. E, se permanecen os sons, tamén queda algo de quen viviu alí, do que lle aconteceu. As casas vellas están cheas de historias. Escoito o que ninguén escoita. Vexo o que ninguén ve. Así é. Desde pequena.

Se penso na primeira vez que falei disto coa miña nai, lembro o avó da miña amiga Daniela.

O avó da miña amiga Daniela morrera dun ataque ao corazón e, desde aquela, pecharan a porta do seu cuarto con varias voltas de chave, pero, ás veces,

a porta abríase, ela soa, e entraba un vento frío que invadía a casa, tiraba os cadros e arrastraba as cadeiras. Daniela chegaba á clase moi abrigada, acatarrada, mesmo en primavera.

Unha tarde que Daniela me convidou a merendar, colleu dun caixón as chaves do que fora o cuarto do seu avó e pedíume que subise con ela.

8 *Daniela meteu amodo a chave na pechadura e xirouna dúas veces, pero tivo que empurrar a porta con forza. As portas de madeira atráncanse a miúdo. Axudaina a empurrar e entramos as dúas.*

Primeiro escoitei un zunido, coma se alguén rosase palabras que non fun quen de comprender, e vin un ancián sentado á mesa grande, espallando papeis mentres bufaba. Ía vestido cun traxe elegante, camisa branca e gravata, e sostiña entre os dentes un puro que atufaba o ar. Daniela non o vía. Daniela non se explicaba como podían voar os papeis daquela maneira, nin de onde chegaba aquel cheiro a tabaco.

Supoño que por iso se enfadou tanto cando quixen explicarlle que eran as mans do seu avó as que sostiñan os papeis e os lanzaban ao aire, que el non marchara, que non podía marchar ata atopar o que andaba buscando. Daniela non entendía por que eu vía o seu avó e

ela non; ela, que era a súa neta, e eu non era nada del, nin dela.

Daniela non volveu falar comigo. A miña mellor amiga deixou de selo. Marchou coa familia e a vivenda quedou deserta.

Non puiden achegarme á casa da que fora a miña amiga nin a ningunha outra da contorna con espírito, pantasma, maldición ou lenda, porque a miña nai comezou a preocuparse. Preferiu pensar que tiña moita imaxinación, que era normal que nenas coma min tivésamos amigos imaxinarios.

Alguén lle recomendou que me regalase unha gravadora de voz polo meu aniversario, supoño que coa esperanza de que, nalgún momento, compartise as miñas gravacións e non me sentise tan soa.

Nós tamén marchamos desa vila cando a miña nai coñeceu a Román, chegou a miña irmá pequena e quedamos a vivir aquí, seica definitivamente, pero aínda hoxe me pregunto cal sería o papel que buscaba o avó de Daniela e se terá que seguir no seu cuarto, fumando, ata atopalo.

Cada sitio ten a súa casa abandonada, a súa casa encantada, a súa casa con fantasmas. Cando podo, achégome alí e gravo. Gravo o que escoito e gravo a

miña voz contando o que vexo. Probei a levar unha cámara, pero as imaxes son tan escuras que ben poderían agochar un monstro de sete cabezas e non distinguirías nin o reflexo da lúa nos seus dentes.

O porviso

A miña irmá Navia ten poucas amigas, e amigos aínda menos. Vai de cando en vez á consulta dunha especialista, Rosaura Penas, para falar con ela dos seus problemas. Eu non compartiría os meus problemas cunha especialista que se chamase Rosaura Penas, pero a Navia non lle quedou outra. Na casa comezaron a preocuparse polas historias que contaba.

Mamá intentou explicarme que non era normal que Navia escoitase esas voces que ninguén máis escoitaba, nin que vise esas persoas que ninguén máis vía, que se cadra algo non lle funcionaba ben no cerebro, que comezarían coas visitas á psicóloga e, no caso de que fose a peor, terían que pensar en menciñas. Menciñas. Pastillas, supoño. Pastillas para deixar de ser Navia. Non sei que significa ser normal. Ninguén é normal. Nada é normal, e moito menos que a miña irmá desapareza.

A voz de Navia soa seria nas súas gravacións, unha voz de persoa maior. En realidade, non me leva moito, pero semella que antes de eu existir ela tivo toda unha vida arredor da nosa nai. Sen pai. Sen tíos nin tías. E, de súpeto, chegou Román, que se apropiou dun pouco de mamá, e cheguei eu, que me apropiiei doutro pouco, e o que lle quedou a Navia debeu ser case insignificante para o que estaba afeita. Non me estrañaría que fose daquela cando a tristeza lle foi cambiando a cara.

Ao falar Navia da súa amiga Daniela, pensei na miña mellor amiga, a miña moza, Sonia. É a rapaza máis tímida que coñezo, pero encántanlle as historias de medo.

Sonia e mais eu pasabamos as tardes deitadas de par sen que ninguén sospeitase que para nós non existía ninguén máis no planeta, en ningún planeta, e non precisabamos senón estar xuntas, e rozar pel con pel, e rir de parvadas.

Un serán de outubro, abrazadas mentres sentiamos caer a choiva fóra, Sonia achegouse a min, á miña orella, e murmurou, coma se fose unha confidencia, que no faiado da súa casa había unha criatura pequena, unha especie de rato, o Porviso.

O Porviso podía pasar por debaixo das portas e entrar nos cuartos onde durmían as persoas para pousárselles no peito e roubarlles os sonhos. Dician que pesaba coma unha lousa e que, por fortuna, non aturaba o cheiro a romeu, porque así sabían como mantelo afastado. «Cadaquén ten o seu medo», murmuroume Sonia daquela. «Tan absurdo coma un rato que nos leva os sonhos».

13

Pregúntome se os medos de Navia serán tan absurdos.